- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen reglamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
 - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as



- instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arborado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase parcialmente afectada polas seguintes afeccións sectoriais:

- Policía de canles de Augas de Galicia
- Patrimonio Cultural
- Franxa de protección de servidume eléctrica

6. OBSERVACIÓNS

Non consta que a parcela conte con fronte a vía pública definida nos planos do PXOM, nin incluídos no Inventario municipal de bens e dereitos municipais.

Na fronte da parcela conta con rede de subministro de auga potable e saneamento municipais.

39.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Oriol Segarra Pol

Visto o escrito presentado por **Oriol Segarra Pol**, de data 22/04/2026 (Rexistro de entrada nº 9.321), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A007008970000KI.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 22/04/20246, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600009321 do día 22 de abril de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG



- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS


4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

A parcela con referencias catastrais 15074A007008970000KI, atópase clasificada coma Solo Urbano Residencial extensivo unifamiliar illado (Ordenanza 6.3.B), segundo o PXOM de Ribeira, no seu planos 3.3, Clasificación e Cualificación do Solo e aliñacións en núcleos urbanos (Palmeira), a escala E:1/2.000.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, e segundo a DT1ª.2.a. da *Lei 2/2016, do solo de Galicia*, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.



A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nesta parcela son:

“ARTIGO 157: ORDENANZA 6.3.B.- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.

1. Definición e ámbito.

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificado dos núcleos urbanos en contacto cas dirección de estrada e rúas definidas nos planos de ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:



- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

2. Usos

Uso global: Residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: Vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán, ademais do uso característico as terciarias que teñan una relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e dos sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

3. Tipoloxía edificatoria

A tipoloxía edificatoria é a da vivenda unifamiliar illada.

4. Parámetros da edificación

4.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 1.000 m².

Fronte mínimo: 12 m.

Condicións de Forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m de diámetro.

4.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

4.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,4 m²/m²

Altura da edificación: Número de plantas B+1+BC, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,50 m. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,50 metros

Altura de coroación: 4,0 metros desde o último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Pecho de parcelas: só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata una altura máxima de 1,0 metros, podéndose aumentar esta altura mediante elementos diáfanos ata una altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode alcanzar una altura máxima de 1,50 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizará se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,90 m, debendo ser acristaladas nun 50%.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,60 m.

Cubertas: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas, empregando en calquera caso, como material de cobertura, tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

4.5. Condicións ambientais e estéticas:

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de



mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coloreados.

Composición de fachadas e ocós: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase cos ocós das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

4.3. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela non conta con afeccións sectoriais.

40.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Camilo José Ordóñez Fernández

Visto o escrito presentado por **Camilo José Ordóñez Fernández**, de data 08/04/2026 (Rexistro de entrada nº 8.054), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A036012060000KS.

Vistos os informes técnicos emitidos ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 22/04/2024 e polo Vixiante Urbanístico, Borja Martínez Muñiz, de data 28/04/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

***INFORME ARQUITECTO MUNICIPAL:**

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600008054 do día 8 de abril de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.



4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencias catastral 15074A036012060000KS, no seu plano 8.26. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (San Pedro, Casario Vantín), a escala E:1/2.000 coma solo de núcleo rural pouco consolidado (SNR-C), artigo 135 do PXOM

As condicións desta Ordenanza son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural Consolidado, S.N.R.C., artigo 135 do PXOM:**

Comprende esta norma zonal aquelas áreas nas que existen indicios de residencia agraria e que co obxecto de que se integren no ámbito do núcleo rural existente, limítanse as súas posibilidades de desenvolvemento denso, podendo admitirse a súa edificación en baixa densidade de forma que non se poida xerar outro núcleo de poboación.

ÁMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración
- Ampliación
- Obra nova

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada. Manterase o tipo de edificación existente na contorna, non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 800 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie, pero se permitirá computar aquelas partes da parcela que estivesen dentro de outro tipo de solo rústico. Non obstante a posición da edificación ficará enteiramente dentro da área desta norma zonal.

Fronte mínima: será de 10 m.

CONDICIÓN DA OCUPACIÓN

Posición: A posición da edificación ficará recuada.

Respecto aos lindeiros 3 metros, permitirase acaroar a lindeiros nos casos nos que exista edificación anterior á publicación desta normativa, ou ben, previo acordo cos colindantes esixindo documento que o acredite.

A aliñación serán as liñas de peche segundo a vía resultante de ordenación do sistema viario do termo municipal.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 25% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,35 m²/m².

ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha, permitíndose a utilización do baixo cuberta, computando edificabilidade todos aqueles especiais de altura superior a 1,50 m. Permítese ademais a construción de planta soto.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros sobre o último forxado

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m.

No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m, debendo ser acristalados nun 80% da súa superficie.

Balcóns: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación a partir de 30 m². Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de cornisas e aleiros será de 0,3 metros.

Condicións ambientais e estéticas.

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboreadas.

Cerramentos exteriores e materiais.

A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico, sempre que estean pintados lacados ou coreados.

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 30/04/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q28029231,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:49:37



Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición das fachadas e ocos.

Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndanse que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural

A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo ficar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

Conservación das masas arbóreas

As edificacións da parcela tipo C, deberán conservar as masas arbóreas, permitíndose talar unicamente o espazo preciso para as edificacións de nova planta.

Aparcamientos

Exixirase a creación duna aparcamento, dentro do terreo da propia parcela, por cada vivenda, con acceso desde a vía rodada; podendo estar cuberto ou non.

5. ALIÑACIÓNS

A parcela conta con fronte a unha vía pública grafiada no PXOM de Ribeira, no Plano 2.13, de Ordenación Básica do Territorio Municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario, coma unha vía de tipo III, polo que deberá situarse a aliñación a 6,00 metros do eixe da vía.

6. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela non conta con afeccións sectoriais.

***INFORME VIXIANTE URBANÍSTICO:**


Tipo de solo: O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencias catastral 15074A036012060000KS, no seu plano 8.26. de Clasificación e Cualificación do solo de núcleos rurais (San Pedro, Casario Vantín), a escala E:1/2.000 coma solo de núcleo rural pouco consolidado (SNR-C), artigo 135 do PXOM

Comprobación de aliñacións no P.X.O.M.:

Comprobación de aliñacións: Examinados os planos 1:2000 e 1:5000 do noso P.X.O.M. vemos que a parcela con Ref. Cat: 15074A036012060000KS estaría afectada por dúas vías:

- Vía Tipo III que se encontra ó Noroeste (NO) da parcela na que habería que retranquear 6 metros do eixo. (ver planos)
- Vía ou camiño que se encontra ó Sur (S) da parcela na que habería que retranquear 4 metros ó eixo. (ver planos)





41.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a LUISA SANTOS RIVEIRO, POLOS DANOS SUFRIDOS NUNS PORTAIS DA SÚA PROPIEDAD, POR MOR DAS LABORES DE ROZA DOS/AS OPERARIOS/AS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 2025 RESP000043.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a LUISA SANTOS RIVEIRO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 24 de setembro de 2025, os/as operarios/as municipais estaban realizando labores de roza na Rúa Pradiño, parroquia de Corrubedo, cando D^a M^a Luisa Santos Riveiro advertiu danos nos portais da súa propiedade, situados no número 6C, da citada rúa, que puideran ser ocasionados polas labores que se estaban a realizar por parte do servizo municipal de xardinería.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 24/09/2025, co número 202500023159, D^a M^a Luisa Santos Riveiro, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando a reparación dos portais.

Co seu escrito de reclamación non achega ningunha documentación.



Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/12/2025 co número 202500029699, achega certificación catastral descritiva e gráfica da parcela da súa propiedade, así como orzamento de reparación dos portais, emitido pola entidade “Digar de Artes S.L.”, pola contía total de 1.120,10 euros.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 16/03/2026 pola Policía local do Concello de Ribeira.
- Informe emitido na data 30/03/2026 polo capataz de xardíns do Concello de Ribeira.
- Declaración da reclamante de non ter percibido outra indemnización, rexistrada de entrada na data 22/03/2026 co número 202600006622.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar



de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ser a titular dos bens que resultaron danados.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos nos portais propiedade da Sra. Santos Riveiro. Así se deduce do orzamento realizado por *“Digar de Artes S.L.”* que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local non tivo constancia do sucedido.** Así o dispón no informe emitido na data 16/03/2026.



- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 30/03/2026 dispón que non ten coñecemento dos danos ocasionados, sen ter nada mais que engadir ó respecto.**

A este respecto, é preciso recordar que a carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público corresponde certamente ó/á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión (forza maior, culpa do/a prexudicado/a etc...) á Administración (artigo 1214 CC). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade e, na súa consecuencia está atada e interesada *"de oficio"* no esclarecemento da verdade material, o que supón desprenderse de calquera actitude pasiva que impida o cabal coñecemento dos feitos polos que poida atender ou rexeitar, nun acto motivado, as pretensións dos particulares. Por iso, os actos de instrución para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos realizáranse de oficio e, no noso ámbito, o procedemento impulsará de oficio en *"tódolos seus trámites"*.

Neste sentido postúrase a xurisprudencia do Tribunal Supremo, que, con carácter xeral, acolle o principio de que a carga da proba da existencia dos danos e da relación de causalidade co servizo público corresponderá á parte actora.

O Tribunal Supremo, consciente das dificultades probatorias que se presentan neste tipo de reclamacións, lembra que toda actividade probatoria, consiste en ser un medio de acreditación dos feitos para levar ó Tribunal á convicción da súa existencia e comporta unha actividade de reconstrución histórica, pois refírese a acontecementos xa ocorridos. Non pode esixirse que esta reconstrución sexa real e actual en termos absolutos, senón que ten que levarse a cabo ás veces mediante as referencias que poidan considerarse aceptables de conformidade cós principios que subministra a sa crítica (por todas, sentenza de 21/09/1998).

Pois ben, **do exame da proba practicada no presente expediente con base nos parámetros anteditos, colíxese que non resulta xustificado de xeito suficiente o vínculo causal.**

Efectivamente a reclamante non presenta proba ningunha que acredite que os danos nos portais da súa propiedade foran ocasionados polo servizo municipal de xardinería.

Pola contra **a proba practicada de oficio**, especialmente o informe do capataz do servizo de xardinería que ten carácter preceptivo de conformidade co disposto no artigo 81.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **pon de manifesto o seu descoñecementos do sucedido.**

En definitiva, **o exame conxunto da proba practicada non permite formar convicción sobre a veracidade dos feitos, que, daquela, non resultan suficientemente probados, polo que o procedente é desestimar a reclamación presentada.**

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/04/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a M^a LUISA SANTOS RIVEIRO, polos motivos e fundamentos antes expostos.



42.- VAO PERMANENTE – Romina Chaves Muñiz

Visto o escrito presentado por **Romina Chaves Muñiz**, de data 26/03/2026 (Rexistro de entrada nº 7.059), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na rúa Estrada Xeral, nº 52 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 25/04/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Romina Chaves Muñiz**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na rúa Estrada Xeral, nº 52 (Castiñeiras), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

43.- VAO PERMANENTE – A Poutada, S.L.

Visto o escrito presentado por José Francisco Pérez Sobrido en representación de **A Poutada, S.L.**, de data 05/11/2025 (Rexistro de entrada nº 26.606), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Avenida do Malecón, nº 48 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 24/04/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a A Poutada, S.L.**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Avenida do Malecón, nº 48 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



44.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 27/04/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“

- *Recíbese petición presentada por Verónica Bretal Millán, en nome de ANPA Monte Tahume do CEIP de Olveira, sede electrónica 2026 8939 de data 16/04/2026 interesando dispor do Centro SocioCultural de Corrubedo para realizar o “Campamento de Verán” nos meses de xullo e agosto de 2026.*
- *Xunto a solicitude achega unha Introducción, Xustificación, Destinatarios, Actividades e Temporalización do programa (luns a venres de 9.00 a 14.00 horas).*
- *Acompaña Certificado da Federación Galega de ANPAS “Compostela” que acredita que a ANPA Monte Tahume do Ceip de Olveira é socia participando dos servizos do Seguro da Póliza de Responsabilidade Civil Xeral (núm. 28961018)*
- *A asociación procura buscar unha alternativa que permita satisfacer as necesidades de conciliación das familias.*
- *Este emprazamento é debido as obras de mellora que están previstas no Ceip de Olveira.*

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Interesados en apoiar iniciativas culturais e nesta ocasión que contribúen á facilitar a participación dos nenos/as en espazos máis próximos á súa parroquia, durante o seu período vacacional sen esquecer que supón unha ferramenta da conciliación da vida familiar e laboral.

Revisado a axenda de usos do Centro SocialCultural de Corrubedo. nos meses de xullo e agosto de 2026.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o Uso das instalacións do Centro SocialCultural de Corrubedo á entidade ANPA MONTE TAHUME DO CEIP DE OLVEIRA para celebrar o Programa “Campamento de Verán” que presente xunto a solicitude durante os meses de xullo e agosto de 2026, de luns a venres en horario de mañá (9.00 a 14.00 horas).
- Comunicar á entidade solicitante as condicións de uso desta instalación:
 1. A actividade “campamentos de verán” deberá carecer de ánimo de lucro.
 2. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
 3. Respetar o aforo da instalación.
 4. Deberá subscribir Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso do local.
 5. Comprométese o solicitante a deixar o local nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.



6. As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante.
Calquera outro gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos).
7. Na difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.culturaefestexos@ribeira.gal.

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade con anterioridade ao inicio da celebración do programa.**

45.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA - MODIFICACIÓN (2)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 27/04/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura (Modificación), na que expón:

“O pasado 23 de abril de 2026 á Xunta de Goberno Local, á vista da proposta presentada na data 16/04/2026 por esta área municipal, vén de Autorizar o Uso Temporal do Auditorio Municipal a instancia da Asociación Galega de Soldariedade co Pobo Saharaui (Sogaps) para celebrar un festival benéfico o 23 de maio de 2026 en colaboración coa escola de danza El TomaSon de Ribeira.

Na data de hoxe 26 de abril de 2026 a entidade organizadora comunica un cambio respecto da participación do grupo colaborador, pasando a realizar un concerto que contará coa colaboración solidaria do grupo Boroa e o artista plástico David Cuencia, mantendo as demais características expostas inicialmente.

Engádesse ao expediente esta solicitude de Sogaps.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar esta variación do acto benéfico que consistirá na celebración dun concerto en colaboración solidaria co grupo Boroa e o artista plástico David Cuence organizado pola asociación Sogaps, previsto no Auditorio o 23 de maio de 2026 ás 20.00 horas.
- Esta modificación non **altera a esencia e as obrigas** establecidas conforme no antedito acordo da Xunta de Goberno Local comunicado ao interesado na mesma data do 23/04/2026 (Notificación: 26836).
- Notificar este acordo á entidade organizadora, Asociación Galega de Solidariedade co Pobo Saharaui.



46.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (3)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 27/04/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“

- *Recíbese petición presentada por Juana Ermitas Crujeiras Vidal, en nome de Asociación de Amas de Casa de Ribeira, sede electrónica 2026 9381 de data 22/04/2026 interesando dispor da Casa de Cultura de Castiñeiras para realizar os “Talleres Creativos en Inglés” nos meses de xullo e agosto de 2026.*
- *Manifesta que os venres esta asociación realiza o taller de bolillos que considera compatibles por facer coincidir este día cunha xornada de “saída” dos nenos/as do taller creativo e que no suposto de mal tempo poderían convivir as dúas actividades.*
- *Xunto a solicitude achega un cartel anunciador que reflicte destinatarios, contido da programación, temporización e logos identificativos da entidade solicitante e Concello de Ribeira.*

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Interesados en apoiar iniciativas do tecido asociativo que procuran:

- a) Participación veciñal, nenos/as de 4 a 10 anos de idade.*
- b) Diversidade da oferta cultural e nesta ocasión cun programa de actividades, no que mediante a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, achega aos máis mozos a arte, a natureza, contacontos e o traballo en equipo.*
- c) Representa unha ferramenta da conciliación da vida familiar e laboral.*

Revisado a axenda de usos da Casa de Cultura de Castiñeiras nos meses de xullo e agosto de 2026, donde os venres de 10 a 13 horas figura unha ocupación “Taller de Bolillos” da mesma entidade solicitante, Amas de Casa de Ribeira.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o uso das instalacións da Casa de Cultura de Castiñeiras á asociación de Amas de Casa de Ribeira para celebrar o Programa “Talleres Creativos en Inglés” durante os meses de xullo e agosto de 2026, de luns a venres en horario de mañá (10.00 a 13.00 horas).
- Comunicar a entidade organizadora que será responsable de cumprir coa normativa en vigor referida á celebración de actividades na que participan menores de idade.
- Comunicar á entidade solicitante as condicións de uso desta instalación:
 1. A actividade “Talleres Creativos en Inglés” deberá carecer de ánimo de lucro.
 2. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
 3. Respetar o aforo da instalación.
 4. Deberá subscribir Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso do local.



5. Comprométese o solicitante a deixar o local nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
6. As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante.
7. Calquera outro gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos).
8. Na difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.culturaefestexos@ribeira.gal.

Na aceptación destas condicións e medidas, **deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade con anterioridade ao inicio da celebración do programa.**

47.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA – GALA DO DEPORTE (4)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 28/04/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitudes presentadas por dona Ana Isabel Outeiral del Río, en nome da Mancomunidad de Municipios Ría de Arousa-Zona Norte, sede electrónica núm. 2026 8264 e 8451 de data 9 e 13 de abril de 2026, interesando realizar a Gala do Deporte Barbanza Arousa no Auditorio Municipal de Ribeira o 6 de maio de 2026.

Actuacións de oficio:

Aos efectos de garantir o bo desenvolvemento do acto, debendo coordinar necesidades técnicas así como de planificar tanto o servizo de conserxería como limpeza, foi requerido información do evento podendo ser a propia escaleta da gala.

Considerando que:

- a) *O evento é organizado por unha entidade local da formamos parte.*
- b) *O seu obxectivo é o recoñecemento público do esforzo, dedicación e éxitos dos deportistas, entidades e clubs ademais de visibilizar o deporte no desarrollo dunha sociedade igualitaria e comprometida.*

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

1. *Espazos públicos: Auditorio Municipal de Ribeira.
Mércores 6 de maio de 2026 en horario de 15.00 a 22.00 horas (15 h a 18.59 h montaxe e probas técnicas; 19 h apertura das instalacións; 19.30 h a 21 h celebración da gala ata remate e saída.*
2. *Medios persoais: Servizo de bedelía e servizo de limpeza.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:



- Autorizar a celebración da Gala do Deporte á Mancomunidade de Municipios Ría de Arousa-Zona Norte organizador do acto.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o mércores 6 de maio de 2026 de 15.00 a 22.00 horas.
- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. Será responsabilidade do organizador a asistencia técnica de sala, debendo atender os custos e coordinación desta xestión técnica (iluminación, son e audiovisuais) necesaria para o correcto funcionamento do acto.
5. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
6. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puideran corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
7. Respetar o aforo da instalación.
8. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
9. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
10. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
11. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.



48.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA – FESTIVAL NACIONAL ENTREFOLCLORES (5)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 28/04/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por dona Manuela Ayaso Domínguez, en nome do Grupo de Baile e Música Tradicional Tahume, sede electrónica núm. 2025 20190 de 26 de agosto de 2025, interesando celebrar o Festival Nacional Entrefolclores 2026 para o que solicita dispor do Auditorio Municipal de Ribeira o día 16 de maio de 2026.

Actuacións de oficio:

Aos efectos de garantir o bo desenvolvemento do acto, debendo coordinar necesidades técnicas así como de planificar tanto o servizo de conserxería como limpeza, foi requerido información do evento podendo ser a propia escaleta do festival que é recibida en sede electrónica 2026 8808 de data 15/04/2026.

Considerando que:

- a) O evento é organizado por unha asociación inscrita no Rexistro Municipal de entidades de Ribeira.*
- b) O festival é un punto de encontro anual relevante na programación cultural de Ribeira, chegando nesta ocasión a súa IX edición e no que participan figuras do folclore local e contan ademais con grupos doutras comunidades autónomas, nesta edición de Murcia e Vigo.*

Conclusión:

Apoiar este evento poñendo a súa disposición

- 1. Espazos públicos: Auditorio Municipal de Ribeira.
Sábado 16 de maio de 2026 en horario de 10.00 a 21.00 horas (10 h a 14 h montaxe e probas técnicas; 16 h a 18.59 h ensaios dos grupos participantes; 19 h a 21 h celebración da gala ata remate e saída.*
- 2. Servizos técnicos, de bedelía e limpeza.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración do *Festival Nacional Entrefolclores* a solicitude do Grupo de Baile e Música Tradicional Tahume de Ribeira organizador do acto.
- Por á disposición da entidade solicitante o Uso Temporal do Auditorio Municipal de Ribeira o sábado 16 de maio de 2026 de 10-14h e 16.00 a 22.00 horas (21-22 h tempo para recollida e saída das instalacións).
- Notificar o acordo á entidade solicitante xunto as Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos



espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

2. A disponibilidad da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Queda prohibida a realización de actividades económicas que non se contemplen nos estatutos da asociación ou entidade organizadora, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
8. Queda prohibida a venda de alimentos e bebidas. O consumo de alimentos e bebidas poderá ser autorizado excepcionalmente, previa solicitude do organizador e que será responsable de garantir a súa inocuidade e seguridade, cumprindo as respectivas normativas sanitarias.
9. Na a difusión e publicidade desta actividade deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira.
10. Comprometerse a cumprir as normas específicas do Uso do Auditorio (Anexo I), e en especial Non se permitirá obstaculizar os corredores do salón con ningún elemento. Os carritos de bebés non poderán entrar ao salón e ou polivalente debendo quedar na zona inferior do vestíbulo.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha **Declaración de Responsabilidade** que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

49.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DA “VII FEIRA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E HÍBRIDOS” – Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Promoción Económica, Carmen Pérez Gómez, de data 27/04/2026, relativa á autorización da celebración da “VII Feira de vehículos eléctricos e híbridos”, na que expón:

“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a celebrar a cuarta edición “VII FEIRA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E HÍBRIDOS” os días 12, 13 e 14 de xuño na Praza de España, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 22/04/2026 con Nº de rexistro de entrada 20269426, solicitando:

Autorización para levar a cabo a “VII FEIRA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E HÍBRIDOS” os días 12, 13 e 14 de xuño na Praza de España e reserva da Praza de España, da Rúa Mendiño e da carpa (espazo municipal multiusos do 8 ao 15 de xuño) situada na rúa de Galicia.

1. *Retirada das farolas que están no centro da praza, así como algún bolardo para entrada e saída dos vehículos.*
2. *Uso de megafonía móbil polo concello desde o 1 ao 15 de xuño, dúas horas pola mañá e dúas pola tarde.*
3. *Colocación de bandeirolas de carretera e pancartas publicitarias para a difusión do evento.*
4. *Dispor de acometida eléctrica e de conexión de auga corrente.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- Autorizar a celebración na Praza de España da “VII FEIRA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E HÍBRIDOS” os días 12, 13 e 14 de xuño; así como a colocación de bandeirolas, pancartas de estrada e o uso de megafonía para a difusión do evento.
- Autorizar a ocupación da Praza de España e a entrada de vehículos pola rúa Mendiño do 8 ao 15 de xuño por mor da montaxe e desmontaxe da mesma. Retirada de farolas do centro da praza e bolardos para acceso de vehículos.
- Autorizar a disposición de auga corrente e acometida eléctrica (estes servizos correrán a cargo da entidade organizadora do evento, Asociación de Empresarios de Riveira).
- Autorizar a reserva da carpa (espazo municipal multiusos), situada na rúa de Galicia do 8 ao 15 de xuño.
É PRECISO QUE A CARPA MULTIUSOS QUEDÉ LIBRE O LUNS 15 DE XUÑO ÁS 10:00 DA MAÑÁ E AS CHAVES SE ENTREGUEN ESE MESMO DÍA NA MESMA INSTALACIÓN ONDE SE RECOLLERON (Centro Cultural Lustres Rivas). Consultado e coordinado co Departamento de Cultura do Concello de Ribeira ponse o horario de entrega o luns ás 10:00 da mañá; xa que hai xa outra reserva de ocupación da carpa desde ese mesmo luns 15 de xuño.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Dar traslado deste acordo ao interesado, ás Concellarías de Cultura e Festexos e á Policía Local para o seu coñecemento.

50.- PROPOSTA DE REDISTRIBUCIÓN DE ESTACIONAMENTOS NA RÚA REVALEIRAS (PALMEIRA)

Vista a proposta de redistribución de estacionamentos na Rúa Revaleiras (Palmeira) emitido pola Policía Local, de data 19/04/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar a redistribución de estacionamentos na Rúa Revaleiras (Palmeira), segundo o contido do citado informe policial.
- Non poderá instalarse a sinal de prohibido estacionar.



51.- PROPOSTA DE DOTACIÓN DE RESERVAS DE PMR E UN PASO DE PEÓNS NA RÚA PRAIA DA RIBEIRA (AGUIÑO)

Vista a proposta de dotación de dúas prazas de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida e un paso de peóns, na Rúa Praia da Ribeira (Aguiño), emitido pola Policía Local, de data 20/04/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a dotación de dúas prazas de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida e un paso de peóns, na Rúa Praia da Ribeira (Aguiño), segundo o contido do citado informe policial.

52.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE CORTA DE ÁRBORES – Iván Carlos Manuel Lijó Teira

ASUNTO:	COMUNICACIÓN DE CORTA DE ÁRBORES
PARAXE/LUGAR/PARROQUIA:	LUGAR DE FAFIÁN, SANTA UXÍA DE RIBEIRA
REF. CATASTRAL:	15074A017007180000LY
EXPEDIENTE:	2026/TMA-000024
SOLICITANTE:	IVÁN CARLOS MANUEL LIJÓ TEIRA (**266**)
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO URBANO

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por Iván Carlos Manuel Lijó Teira (**266**), de data 22 de abril de 2026 (entrada núm. 9.367), mediante o que comunica a corta dunhas árbores na súa finca, de RC 15074A017007180000LY, localizada no lugar de Fafián, Ribeira.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 23 de abril de 2026, no que se conclúe que a solicitude non precisa efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na *Lei 7/2012*.”

3. RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 23/04/2026.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a corta das árbores obxecto da solicitude, nas condicións referidas no informe favorable emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente:

- *Deberán adoptarse as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e dos bens.*
- *Unha vez finalizados os traballos retiraranse ou trituraranse todos os restos que afecten aos espazos públicos e ás propiedades lindeiras.*
- *Se como consecuencia da execución dos traballos de corta e saca resultase afectado algún camiño de titularidade pública ou servizo, deberá ser reparado ao finalizar as tarefas.*

53.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN AMBAR (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 21/04/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMBAR, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento do proxecto “Vivindo na Comunidade”, durante o ano 2025.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 24/04/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMBAR, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento do proxecto “Vivindo na Comunidade”, durante o ano 2025, por importe de 3.400,00 €.

54.- SOLICITUDE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE ARTES AO “CENTRO RECREATIVO DE ARTES” PARA A CELEBRACIÓN DUNHA FESTA DO CATECISMO.

LOGO DE VER que Dña. Rosa María Orellán Santos, en representación do Centro Recreativo de Artes, presenta escrito de data 23/04/2026, con número de rexistro de entrada municipal 9572, solicitando:

“A RESERVA DO POLIDEPORTIVO DE ARTES PARA O DIA 10 DE MAYO DENDE AS 10:00 ATA AS 20:00 HORAS.

MOTIVO: FESTA DO CATECISMO DA UPA DE RIBEIRA”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS



1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón de Artes ten adestramentos do Clube Patinaxe Cidade de Ribeira para a data solicitada (falouse cos responsables para informar da posible celebración do evento).
4. O obxectivo do solicitante é facer unha xornada de xogos cos nenos da parroquia.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 27-04-26, e a proposta de resolución do concelleiro de deportes, de data 27-04-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Conceder autorización ao Centro Recreativo de Artes para que poida utilizar o polideportivo de Artes, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **10 de maio de 2026, de 10.00 a 20.00 horas**.
- O solicitante, deberá poñerse en contacto cos responsables do departamento de deportes, para coordinar a apertura das instalacións.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

55.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CARREIRA, PARA A CELEBRACIÓN DA XXI CARREIRA VIRXE DA GUÍA

LOGO DE VER que Dna. María Ventura Sampedro Rego, en representación da Asociación de Veciños de Carreira, presenta escrito de data 20/03/2026, con número de rexistro de entrada municipal 5550, solicitando:

“QUE O DOMINGO, 17 DE MAIO, A PARTIR DAS 10:00 HORAS, A ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E PRESTADORA DE SERVIZOS Á MOCIDADE DE CARREIRA, EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE RIBEIRA, ORGANIZARÁ A XXI CARREIRA VIRXE DA GUÍA, CON SAÍDA E CHEGADA NO CAMPO DA FESTA DE CARREIRA.



SOLICÍTASE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DEPORTIVA, ASÍ COMO A COLABORACIÓN DOS SERVIZOS DE POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL PARA GARANTIR O CORRECTO DESENVOLVEMENTO DO EVENTO.

DO MESMO XEITO, SOLICÍTASE A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E MEDIOS NECESARIOS, EN CONCRETO: DUCHAS DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA E DO COMPLEXO DEPORTIVO DA FIEITEIRA. VALLAS E PÓDIUM. INSTALACIÓN DE TOMA DE CORRENTE NO CAMPO DA FESTA. SERVIZO DE AMBULANCIA. SISTEMA DE CRONOMETRAXE. TROFEOS E MEDALLAS. ASÍ MESMO, SOLICÍTASE O USO DO CENTRO SOCIAL DE CARREIRA”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

5. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
6. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
7. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
8. Consultado o departamento de cultura do concello de Ribeira, informa que o Centro Social de Carreira está dispoñible para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 28-04-26, e a proposta do concelleiro de deportes, de data 28-04-26, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Conceder autorización á Asociación de Veciños de Carreira para celebrar a XXI Carreira Virxe da Guía cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **17 de maio de 2026** a partir das 9.00 horas e ata que remate a proba. **Este permiso non exime de outros que poidan ser necesarios a nivel público ou privado** (en particular o informe vinculante da Xefatura Territorial de Tráfico).
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- **Ceder para o día da proba:** 20 Vallas e un podio para facer a entrega de trofeos.
- **Aportar efectivos de protección civil e policía local** (os extremos desta colaboración acordaranse en reunión entre os organizadores e o xefe da policía local ou persoa na que delegue). Os efectivos de protección civil e policía local poderán abandonar a proba en caso de emerxencia grave.
- **Autorizar o uso das duchas do Complexo A Fieiteira e do campo de fútbol da Guía** o día da proba (ata as 14.00 horas).
- **Autorizar o uso do Centro Social de Carreira** como centro de loxística da proba de 9.00 a 16.00 horas.



- **Colocar unha toma de corrente:** Consultados os organizadores, comentan que xa no é necesario colocar unha toma de corrente ao dispoñer do Centro Social de Carreira.
- **O departamento de deportes facilitará:** o servizo de ambulancia, a cronometraxe da proba así como as medallas de participación e premiación o día do evento.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

56.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – María Ángeles Cores Amigo

Visto o escrito presentado por **María Ángeles Cores Amigo**, de data 27/04/2026 (Registro de entrada nº 9.766), no que solicita autorización para a ocupación temporal da Praza Alcalá Galiano, o día 01/05/2026, ás 18:00 h., e ás 20:00 h. (segunda sesión) ata as 23:00 h., co motivo da realización dun bingo solidario a favor da Cruz Vermella.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a ocupación temporal da Praza Alcalá Galiano, o día 01/05/2026, ás 18:00 h., e ás 20:00 h. (segunda sesión) ata as 23:00 h., co motivo da realización dun bingo solidario a favor da Cruz Vermella.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

57.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Mar Pego Santos (REVIRAVOLTA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Mar Pego Santos** en representación establecemento **“Bar Reviravolta”** (Bretal-Oliveira), de data 28/04/2026 (Registro de entrada nº 9.923), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Bar Reviravolta”** (Bretal-Oliveira), o día 02/05/2026, ás 22:00 h.



**58.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA –
Lucía Vilas Patiño (CLANDESTINO)**

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Lucía Vilas Patiño** en representación establecemento “**Clandestino**” (Ribeira), de data 29/04/2026 (Rexistro de entrada nº 10.076), no que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro “Clandestino” (Ribeira), o día 02/05/2026, en horario de 22:30 h. a 02:00 h.

59.- LICENZA DE AGRUPACIÓN- SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: EVA MARÍA TEIRA QUEIRUGA. LUGAR: LUGAR DE FONTENLA, CARREIRA, CORRUBEDO, RIBEIRA

VISTO o expediente incoado a instancia de **Dña. Eva María Teira Queiruga**, (D.N.I. ***665***), a través de escritos rexistrados de entrada os días **30 de marzo, 21 de abril de 2026**, (rexistros de entrada nº 7.290, 7.303, 9.176), mediante os que solicita **licenza de segregación e posterior agrupación de fincas** con refª catastral nº 15074A022009830001LE, 15074A022009830000KW e 15074A022009840000KA e sitas no Lugar de Fontenla, Carreira, Ribeira, achegando Proxecto de agregación e segregación de parcela asinado dixitalmente o 17 de marzo de 2026 redactado por D. José Ramón Boo Pego (arquitecto técnico col. nº 2.600).

VISTA a **Resolución favorable de día 20 de abril de 2026** pola que se concede autorización de obra para segregación parcelas na DP 7305 – de Ribeira a Aguiño por Carreira P.K. 2+630 2+727 marxe dereita emitido polo **Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña**, Expte - 202600003798, asinado o día 20 de abril de 2026 por D. Antonio López Grueiro, polo Sr. Miguel Iglesias Matínez e polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso o día 18 de abril de 2026.

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **21 de abril de 2026**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo** con data **23 de abril de 2026**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **27 de abril de 2026**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no **Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data **17.12.02**, publicado no **B.O.P.** de data e no **D.O.G.** do **20.03.03**, como **SOLO URBANO CONSOLIDADADO 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:



-PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna.Eva María Teira Queiruga a LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE FINCAS (Nº 4/26) con refª catastral

-nº15074A022009830001LE,
-nº15074A022009830000KW e
-nº15074A022009840000KA

e sitas no **Lugar de Fontenla, Carreira, Ribeira**, nos termos do Proxecto de agregación e segregación de parcela asinado dixitalmente o 17 de marzo de 2026 redactado por D. José Ramón Boo Pego (arquitecto técnico col. nº 2.600). así como Proforma de documento público de escritura de segregación de parcela, presentada o día 30 de marzo de 2026, (rexistro de entrada nº 7.290):

-Deberá adecuarse integramente á resolución favorable de día 20 de abril de 2026 pola que se concede autorización de obra para segregación parcelas na DP 7305 – de Ribeira a Aguiño por Carreira P.K. 2+630 2+727 marxe dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 202600003798, asinado o día 20 de abril de 2026 por D. Antonio López Grueiro, polo Sr. Miguel Iglesias Matínez e polo Presidente da Deputación D. Valentín González Formoso o día 18 de abril de 2026.

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.



60.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS -MODIFICADO-. PROMOTORA: ANA MANEIRO SANTIAGO. LUGAR: RÚA FALCATO, CORRUBEDO, Ribeira

VISTO o expediente incoado a instancia de D. Xerardo S. Tarrio Calvo actuando en nome e representación de **Dña. Ana Maneiro Santiago**, (DNI ***597***), rexistrado de entrada o día **19 de febreiro de 2026**, (rexistros de entrada nº 3.953), mediante o que solicita **-modificado-** de **licenza de segregación de parcela nº 3/26** con refª catastral nº **15074A051004940000KO** e sita no **lugar de Falcato, Corrubedo, Ribeira**, achegando Proxecto modificado de segregación de parcela redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Don Xerardo Santiago Tarrio Calvo, asinado dixitalmente o 19 de febreiro de 2026

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **11 de marzo de 2026**.

VISTO o **acta e plano de cesión** asinado pola arquitecto municipal o día **11 de marzo de 2026** en relación á superficie de **7,72 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento.

VISTO o **contrato de cesión** asinado por **Dña. Ana Maneiro Santiago**, (DNI ***597***), o día **13 de marzo de 2026** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **7,72 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo** con data **13 de marzo de 2026**

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **18 de marzo de 2026**

ACREDITADO que a **parcela obxecto da segregación** clasifícanse no **Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira**, aprobado definitivamente polo **Pleno da Corporación Municipal** en sesión celebrada na data **17.12.02**, publicado no **B.O.P.** de data e no **D.O.G.** do **20.03.03**, como **SOLO URBANO CONSOLIDADADO 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que procede adoptar o seguinte acordo:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a Dña. Ana Maneiro Santiago o MODIFICADO da LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA nº 3/26 con refª catastral nº **15074A051004940000KO** e sita no **lugar de Falcato, Corrubedo, Ribeira**, nos termos do Proxecto modificado de segregación de parcela redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Don Xerardo Santiago Tarrio Calvo, asinado dixitalmente o 19 de febreiro de 2026:

- SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo contrato de cesión asinado pola Sra. Ana Maneiro Santiago, o día 13 de marzo de 2026 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de 7,72 m² en total para a apertura ou



regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

61.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN DO "CONCERTO POLA LINGUA" - Asociación Cultural Altofalante

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Festexos, Mar e Promoción do Litoral, Fernando Abrales Pérez, de data 30/04/2026, relativa á autorización para a celebración do "Concerto pola Lingua", no que expón:

"Con data 12 de marzo de 2026 recíbese solicitude presentada por David Casais Bargiela, en representación da Asociación Cultural Altofalante, interesado celebrar un Concerto pola Lingua ó sábado 16 de maio de 2026 na Praza de Teruel de Ribeira (rexistro sede electrónica 2026 5943)

Manifesta que trátase dunha actividade previa ao Día das Letras Galegas.

Solicita a autorización para dispor da Praza de Teruel ó 16 de maio de 2026 dende ás 19 horas ata ás 2.00h am do día seguinte, para realizar a montaxe do equipo de son e dunha barra exterior e propio desenvolvemento da actividade, incluído a súa desmontaxe.

Actuacións de oficio.



Incorpórase Informe asinado polo Inspector Xefe, José M. Bretal Laranga con data 23 de abril de 2026 que se engade ao expediente (2026 OTCU00009) e considera que a actividade pretendida é asimilable á unha festa ou berbena popular, **por conseguinte**:

Conforme a disposición 4ª.1 da Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia así como o Decreto 226/2022 e normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, **o solicitante deberá cumprir coas seguintes obrigas**:

1. Declaración Responsable dirixida ao Concello e formulada polo interesado no que se relate o programa das actividades que se van realizar e as súas características e no que conste o compromiso de

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.
A estos efectos, dado que a Praza de Teruel constitúe un espazo público de arredor un 600m2, libre de obstáculos e por tanto cunha capacidade máxima admisible de 1200 persoas (a razón de 2persoas /m2), o capital mínimo a cubrir polo seguro de responsabilidade civil que se contrate é de 700.000 €

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.**

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar dereitos de propiedade intelectual -SGAE, AIE, AGEDI que puderan corresponder das actuacións contidas na programación da festa.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal previst.a

O Concello de Ribeira, dentro das súas competencias comprométese a:



- **Autorizar** a celebración do Concerto pola Lingua na Praza de Teruel de Ribeira ó 16 de maio de 2026.
- **Establecer un horario límite de actividade** dende ás 19.00 horas do 16 de maio de 2026 ata as 2:00 h am do 17 de maio de 2026.
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Reforzo de servizo de limpeza e contenedores o día do concerto.**
 - **Ordenación do tráfico, sinais e valado segundo disponibilidad.**

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento:

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Lei 6/2025, de 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das conductas adictivas.
- Decreto 124/2019, de 5 de setembro, que aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 226/2022, de 22 de decembro, que regula determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas.
- Orden de 23 de outubro de 2020 que determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e remate dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia.
- Ordenanza Municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1) **Autorizar** a celebración do Concerto pola Lingua na Praza de Teruel de Ribeira ó 16 de maio de 2026.
- 2) **Establecer un horario límite de actividade** ata as 2:00 h am do domingo 17 de maio de 2026.
- 3) **Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, sinais e valado se o precisaran e segundo dispoñibilidade.**
- 4) Comunicar á entidade organizadora que prohíbese a venda e suministro de bebidas alcólicas a menores de idade, en virtude da recente Lei 6/2025, de 23 de decembro no seu artigo 25 que abrenque a de bebidas enerxéticas.
- 5) Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- 6) Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

